

MARIOLA CON CADROS (PARA INFANTIL, 1º e 2º)

Material

Saquiños de area.

Pintar mariolas

Dinámica do xogo

1º O xogador tira un saquiño ao recadro nº1, non pode tocar a raia nin sairse fóra.


2º Saltar á pata coxa polos demais recadros, dar a volta, recoller o saquiño e saltar fóra sen pisar as raías. Continuará xogando o mesmo xogador mentres non cometa erros (pisar liña, lanzar o saquiño fóra, ...).

Se un xogador consegue facer un percorrido completo, porá unha marca na casilla onde lanzou o saquiño e cando volva facer un percorrido, poderá descansar con ámbolos dous pés nesa casilla.

3º Volverá lanzar o saquiño ao recadro número dous e así sucesivamente.

4º Nos recadros 4—5 e 7—8 pousará os dous pés.

5º Gaña o primeiro que complete a figura.



(En caso de dificultade para saltar á pata coxa permitirase que o fagan cos dous pés)